



## Concello de Lourenzá

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/3	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	20 de setembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:35 ata as 21:00 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Sesións
<b>Presidida por</b>	Rocío López García
<b>Secretario</b>	Carmen López González

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45432900B	ANA BELÉN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	SÍ
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	SÍ
71865319W	Manuel Arango Ron	SÍ
77595087X	María Emma Álvarez Chao	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	SÍ
77592743N	Pablo Maseda Fernández	SÍ
76580879X	Rocío López García	SÍ
77596320R	Ángel Fernández Villalba	SÍ

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 19/07/18 E 07/08/18.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ás actas das sesións anteriores, de datas dezanove de xullo (19/07/18) e sete de agosto de dous mil dezoito (07/08/18), distribuídas coa convocatoria, a Sra. Alvarez Chao di que na acta de dezanove de xullo hai un erro cando di que Carlos Rivas Rivas non asistiu ao Pleno, cando ya presentara a súa dimisión. O borrador da acta de ditas sesións foron aprobados por unanimidade dos presentes.

#### **Expediente 327/2018. CONTA XERAL 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2017 cos seus correspondentes xustificantes. Vistos os informes favorables de Secretaría - Intervención de data, 14/05/2018, así como o ditame tamén favorable da Comisión Especial de Contas de 13/06/2018 e o resultado da súa exposición ó público mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no BOP. núm. 140 de data 20/06/18 durante quince días, dende o 21/06/18 ata o día 11/07/18, e oito máis, ata o día 23/07/18, sen que durante dito período se presentasen reclamacións á mesma, previa deliberación ó efecto, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2017, nos termos e cifras nos que está redactada e que arroxa o seguinte resume:

Existencias Iniciais	537.163,08
----------------------	------------

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

Total Cobros	3.098.745,22
Total Pagos	2.900.910,91
Existencias Finais	734.997,39
Total Activo	11.521.588,86
Total Patrimonio Neto y Pasivo	11.521.588,86
Debedores pendentes cobro ó final exercicio	619.836,47
Créditos pendentes pago ó final exercicio	78.915,68
Fondos Líquidos Tesourería final exercicio	734.997,39
Remanente de Tesourería Total	1.043.337,83
SalDOS de dubidoso cobro	98.140,40
Remanente Tesourería Gastos Financ. Afectada	0,00
Remanente Tesourería para Gastos Xerais	945.197,43

Segundo.- Render a Conta Xeral/2017 así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

### **Expediente 173/2018. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DO P.S.DE G-P.S.O.E. D.MARIO LEITÓN RAMALLAL.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

Visto que con data 16/07/2018 (rexistrada co núm. 1430) presentouse a dimisión expresa de D. Carlos Rivas Rivas, ao seu cargo como concelleiro do P.S. de G-P.S.O.E..

Visto que con data 21/08/2018 mediante escrito rexistrado de entrada nas oficinas municipais co núm.2018-E-RC-1678, recibíuse da Xunta Electoral a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato á quen correspóndelle cubrir a vacante producida, en concreto na figura de D. Mario Leitón Ramallal, que ocupaba o posto once na lista, por ter presentado tamén a súa renuncia voluntaria o concelleiro D. José Moirón Torrente que ocupaban o posto décimo na citada lista.

Visto canto antecede, e considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable , artigo 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral; o artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro; e a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais (BOE. núm.171 de 18/07/2003), de declarar sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione o poida proporcionarlles

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

ingresos económicos, xunto cunha declaración dos seus bens patrimoniais,

Visto que se cumpriu tamén o requisito legal de prestar promesa segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6),

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a toma de posesión de D. Mario Leitón Ramallal, do cargo de Concelleiro do Concello do P.S. de G-P.S.O.E., en substitución de D. Carlos Rivas Rivas, tras a dimisión deste como concelleiro e a renuncia do concelleiro número dez da lista, D. José Moirón Torrente, a quen lle correspondería ocupar dita vacante.

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo a Xunta Electoral Central para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NÚM.634 DE DATA 16/07/18 ATA A NUM. 787 DE DATA 14/09/18**

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 0634/18 de data 16/07/2018 ata a número 0787/18 de data 14/09/2018 , ambas inclusive.

#### **DACION CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 20/07/18 SOBRE NOMEAMENTO TENENTE DE ALCALDE E MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Chegado a este punto deuse conta da Resolución da Alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local que se transcribe seguidamente:

"D<sup>a</sup> ROCIO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade co establecido nos artigos 21.3, 23.1, e 2 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigos 43, 44, 52, 53 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e os artigos 61.3 e 65 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e

Correspondéndolle á Alcaldía o libre nomeamento dos concelleiros que integrarán a Xunta de Goberno Local e ante a dimisión do concelleiro e 2º tenente de Alcalde, D. Carlos Rivas Rivas, da que se deu conta ó Pleno na sesión celebrada o pasado dezanove de xullo do ano en curso.

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

### VEÑO EN DISPOÑER:

PRIMEIRO.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local, en substitución de aquel, así como segundo tenente de Alcalde a D. Miguel Castrillón Fernández.

SEGUNDO.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse os últimos venres de mes ás dez (10,00) horas.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup> Rocío López García, en Lourenzá a vinte de xullo do 2018."

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### ROGOS PARTIDO POPULAR

Rogo nº 1.- Temos constancia de que os veciños está a darmardar un espello para saír ben os coches diante do Candado na saída do aparcamento, rogamos pongan un espello.

Rogo nº 2. Parece ser que fai máis dun ano os veciños de Arroxo avisaron de que do tellado da antiga escola tan caendo tellas rogamos que as arranxen á maior brevidade xa que é un sitio de paso de peregrinos e poder haber unha desgracia.

Rogo nº 3. Seguindo en Arroxo hai un bache que xa se falara hai máis dun ano que segue nas mesmas condicións, roganos que o arranxen.

Rogo nº 4. Na carretera que vai dende o Cemiterio de San Adriano ata a Capilla de San Sebastián, da Deputación, hai tres barricadas dende fai dous anos, xa están avisados por parte dos veciños, rogamos que faigan as xestións oportunas para o seu arraxo.

A Alcaldía quedou enterada do contido dos rogos.

#### PREGUNTAS BNG FORMULADAS SESIÓN DE 19/07/18 PARA SER CONTESTADAS PRÓXIMA SESIÓN.



##### **A) PREGUNTA NUM.1: ¿ Cando teñen pensado levar ó Pleno a aprobación definitiva do Inventario de Camiños?.**

A Sra. Alcaldesa resposta que se está revisando, que a empresa que o fixo está mirando para levalo o máis correcto posible, que non quere levalo con erros e que incluso se falou de expoñelo antes ó público.

##### **B) PREGUNTA NÚM.2: ¿Fíxose algún trámite para comprobar**

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

### **a veracidade do estado das vías municipais relatadas no inventario?.**

A Sra. Alcaldesa pide que se aclare si a pregunta se refiere á ficha técnica de cada vía, o Sr. Fernández Villalba di que si a Sra. Alcaldesa di que en canto a comprobar a veracidade danos unha idea de como se atopa a vía nese momento, peron non é real xa que unha vía poder cambiar en pouco tempo.

### **O Sr. Fernández Villalba di que xa é o terceiro ou cuarto pleno que fai esta pregunta:**

**Dentro do Pleno de aprobación dos presupostos municipais quedou vostede en mirar o contrato de Don Francisco Damián Pérez Rodríguez.**

**Poderá dicirnos si está dentro da legalidade.**

A Sra. Alcaldesa di que se quedou de mirar e que nestes momentos estase mirando e xa está redactado.

O Sr. Fernández Villalba di que él pregunta si está dentro da legalidade.


A Sra. Alcaldesa di que o ten enriba da súa mesa.

Iníciase un debate sobre o tema e a Sra. Alcaldesa di que non vai contestar nada máis sobre esta pregunta.

### **PREGUNTAS P.POPULAR FORMULADAS SESIÓN DE 19/07/18 PARA SER CONTESTADAS PRÓXIMA SESIÓN.**

***En relación a un escrito que vimos colgado na paxina web e rexistrado en Crónica 3, onde o Sr. Arango dicía que lle ían a facer unha despedida elegante ó Sr. Carlos Rivas e tamén que xa tiñan pensado sacarlle a dedicación parcial poque non estaba facendo o seu traballo e ademais dicía que , se él tivera ética, tería que devolver o salario dun montón de meses que non estivera traballando***

***A pregunta deste grupo , tendo en conta que aínda fai menos de dous meses que o Sr. Arango saíra publicamente a defendelo a raíz dunhas preguntas que lle fixera un compañeiro, así pois a nosa pregunta é se vostedes tiñan pensado votalo e tamén porque non tomaron medidas antes xa que se realmente non estaba traballando, cal era a razón de porqué estivo dous anos e medio cobrando sen facer o seu traballo, e o máis grave é que fora a sabendas do señor voceiro e do resto do equipo de goberno.***

 A Sra. Alcaldesa, contesta que con respecto ao ex concelleiro como xa non forma parte do equipo de goberno e fixo no seu día as declaracións públicas que considerou, non vai a facer máis declaracións, remítese as que fixeros nos medios de comunicación, o equipo de Goberno refíxose, entrou outro Concelleiro novo e seguiremos traballando igual que nos comprometimos cos veciños.

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

A Sra. Alvarez Chao pregunta se se reafirman nas declaracións ó que a Sra. Alcadesa di que si, que se reafirman nas declaracións que fixeron no seu día.

### PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO POPULAR



#### **Limpeza LU P2804.**

No pasado pleno ordinario preguntábase pola factura nº 301 de data 27/04/2018 de Gandería Vidarte S.L e fomos informados por parte desa Alcaldía de que o importe da mesma fora para a limpeza dun tramo de cuneta da LUP2804 a altura de Mobles Huertas. A este grupo cónstalle que para ese traballo de limpeza a maiores dos servizos de Ganadería Vidarte S.L. estivo outra empresa implicada. A razón deste tema formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Canto supuxo o importe dos traballos de pala efectuados para a limpeza da citada cuneta?
- 2—Considera a Sra. Alcadesa que está ben feito que sexan os contribuíntes ou o que é o mesmo os veciños de Lourenzá os que paguen a limpeza provocada por o mal uso dos bens publicas por parte dun veciño concreto?
- 3.- Por outro lado, a titularidade da citada estrada pertence a Deputación de Lugo, preguntámoslle no anterior Pleno se tiña pensado pasar este coste a Deputación de Lugo e non nos contestou, insistimos en querer saber si ese custo se lle vai a trasladar a Deputación de Lugo.
- 4.- Sabemos que a presión veciñal foi a que fixo que se limpase este tramo de cuneta, pero queremos saber cales foron as xestións da Sra. Alcadesa ante o responsable de Vías e Obras da Deputación de Lugo antes de proceder a facer este traballo o concello de Lourenzá.

A Sra. Alcadesa resposta que con respecto a este tema xa se falou en plenos pasados, que se tratou dunha actuación de urxencia pola perigosidade que representaba para a circulación de veciños e que calquera Alcalde que estivera na mesma situación non podería deixar pasar máis tempo sen actuar, esperar a que viñeran as máquinas da Deputación supoñería esperar tres ou catro meses. E continúa dicindo que o que lle sorprende e que pregunte reiteradamente por eses metros de pista que se limparon e non pregunte polos kilómetros e kilómetros de vías municipais que están limpando as máquinas da Deputación e di que hai que utilizar a mesma vara de medir para todo.

A Sra. Alvarez Chao di que referente a iso pide amparo da Secretaria porque non lle contestou a ningunha das catro preguntas que lle formulou e que lle gustaría que constara en acta que o que están facendo dende a Deputación de Lugo, limpar as cunetas, é o que teñen que facer, non están facendo nada novo e eso non implica que os veciños de Lourenzá tiveran que pagar do seu bolsillo á través dos impostos a limpeza de algo que xerou un ben particular.

#### **2.- Xestión punto limpio.**

A xestión do punto limpio municipal correspondelle ao Concello de Lourenzá, a vista do abandono xeneralizado que presenta queremos saber:

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

- 1.- Quen é o Concelleiro responsable da xestión do punto limpio?.
- 2.- Cantos empregados municipais están encargados do día a día do punto limpio e en que horario?.
- 3.- Teñen pensado facer algún cambio na xestión en aras a manter o punto limpio en orde?-

- 4.- Cal é o horario de atención ao público do punto limpio?.
- 5.- Ante a queixa xeneralizada dos usuarios de que está cerrado en horario de apertura, gustaríanos saber por que non se cumpre este horario?.

A Sra. Alcaldesa di que a pregunta do punto limpio ademais de formulala tamén podría contestala a Sra. Alvarez xa que o equipo de goberno actual non cambiou nada, o funcionamento, a xestión e a persoa encargadas segue sendo a mesma, así como horarios e días de apertura. A Sra. Alvarez Chao pídelle á Sra. Alcaldesa que volva a ler a pregunta que é quen é Concelleiro responsable poque do PP non hai naide, ao que resposta a Sra. Alcaldesa que é ela directamente; a Sra. Alvarez dí que o que sí se modificou e que antes non estaba pechado cando tiña que estar aberto.

Interven o Sr. Arango e dí que cando gobernada a Sra. Alvarez en dúas ocasións que foi ó punto limpio estaba pechao e tivo que chamar por teléfono e esperar media hora.

Abrese un debate sobre si a xente deixa as cousas fora cando está pechado e que antes tamén.

### **3.- Carretera Arroxo.**

En varias ocasións se nos dixo que ían proceder ao arranxo da antiga Nacional que vai ao núcleo de Arroxo- Tendo en conta a perigosidade que presenta, gustaríanos saber:

- 1.- En que data concreta teñen pensado iniciar as obras de reparación do firme da citada estrada así como a limpeza das cunetas e da vexetación existente?.

A Sra. Alcaldesa contesta que estos días estiveron procedendo ao rebacheo noutras vías municipais e nos vindeiros días rebachearán esta estrada.



Comida Terceiridade.

Este grupo tivo coñecemento de que por parte do equipo de goberno querían retomar a celebración da Comida da Terceiridade o vindeiro 4 de Novembro. Gustaríanos saber:

- 1.- É eso certo?.

De ser o caso:

- 2.- As persoas convidadas a esta comida van ter que facer algunha aportación pola participación na mesma ou vai ser totalmente gratuíta?.
- 3.- Que presuposto barallan para a súa celebración?.
- 4.- Con cargo a que partida económica do presuposto farán fronte a este custo?.

A Sra. Alcaldesa di que con respecto a este tema é certo que se está mirando pero que non hai nada en concreto que non hai ningunha decisión oficial tomada. A Sra. Alvarez Chao pregunta se non hai un grupo



municipal contratado ao que lle responden que non.

Desbroce de cunetas.

Podemos observar que o desbroce de cunetas das estradas municipais non

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

se adopta a ningún patrón fixo de traballo, podendo afirmar que hai carreteras polo que a día de hoxe dende que empezou o ano, e xa está a piques de rematar, non se pasou ningunha vez e por outras xa se limpou ata en dúas ocasións. A vista desto queremos saber:

- 1.- Quen é o concelleiro responsable do desbroce das carreteras municipais?
- 2.- Cal é o motivo de que haxa pistas municipais que a estas alturas do ano aínda non se pasou a desbrozar?.
- 3.- Que criterio seguen para o desbroce das pistas municipais?.
- 4.- Teñen pensado reorganizar o servizo a curto prazo?.

A Sra. Alcaldesa contesta que é ela mesma a persoa que está levando este asunto. E que sobre o desbroce de pistas están seguindo o mesmo criterio que o estaban facendo, si ben e certo que os traballos se abandonaron un pouco en tódolos Concellos, debido ás condicións climatolóxicas por iso van con retraso.

A Sra. Alvarez pregunta se seguen algún criterio para que se desbrocen algunhas pistas varias veces e outras queden sen desbrozar, a Sra. Alcaldesa contesta que non.

### 6.- Farolas públicas.

En todo o concello hai varias farolas que a día de hoxe se están a repoñer a súa colocación. Queremos saber:

- 1.- Cal e o motivo de que se de este feito?.
- 2.- Estase dando parte ao seguro de todas as farolas que faltan como consecuencia de accidentes?.
- 3.- Está segura a farola que está inclinada ao inicio da Avda. Calvo Sotelo na saída da Ponte da Pedra e que cada día esta máis inclinada?.

A Sra. Alcaldesa contesta que sempre se segue o mesmo procedemento e se da parte ó seguro (cando se sabe o responsable) e respecto a farola que está inclinada en Cavo Sotelo, ten razón, está coa mesma inclinación que cando a deixou a Sra. Alvarez, esta di que xa van 4 anos e a Sra. Alcaldesa di que se revisou e non hai perigo de que caiga.

### 7.- Contenedores soterrados.

A día de hoxe e xa levan case un ano, os contenedores soterrados da Praza César Chavarría están inutilizados.

- 1.- Cal e o motivo de que leven tanto tempo nesta situación?.
- 2.- Teñen pensado arranxalos? Cando?.

A Sra. Alcaldesa contesta que os contenedores da Praza César Chavarría non teñen pensado arranxalos e ante as contínuas peticións e queixas dos veciños, o que no seu día foi una obra mal feita o que van a facer é sacalos da Praza, os ferros non soportan a estrutura, non son fortes pero non é un tema de agora, sa se vía no momento en que se instalaram polo que se van a eliminar.

A Sra. Alvarez Chao di que lle gustaría que constara en acta que esta foi unha das últimas obras do seu mandato pero quenes devolveron o aval depositado polo constructor foron o eles e que si eran tran listos que xa viron naquel momento que non ian aguantar deberían tomar medidas daquela.

A Sra. Alcaldesa di que de feito hay outros contenedores subterráneos que funcionan perfectamente, toma a palabra Sr. Arango quen dí que non e

## Concello de Lourenzá



## Concello de Lourenzá

---

solo a obra mal senon que son as queixas dos veciños de malos olores, moscas e mosquitos , igual que os da praza de Linares Rivas que tamén se van sacar. A Sra. Alvarez pregunta que cando o que lle responden que o antes posible.



**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506